

BANDO

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

RESERVA DE PRAZAS CURSO 2014/2015

Informase aos veciños e veciñas que o prazo de preinscrición na Escola Infantil Municipal –Gardería- para a reserva de praza dos alumnos/as e a solicitude de novas prazas de cara ao vindeiro curso escolar 2014/2015 –a partir de setembro- estará **aberto do 1 ao 15 de abril**,

A EIM ten un horario de 8 da mañá a 8 da tarde de luns a venres, tódolos meses do ano, está situada na Rúa Avelino Pousa Antelo, en fronte do CPI “Infesta” e conta cunhas modernas instalacións e equipamentos, e o seu persoal proporciona aos nenos e nenas que acoden a ela as atencións e coidados necesarios para promover o seu desenvolvemento harmónico e integral. Conta co Servizo de Comedor, no que os nenos e nenas teñen ao seu dispor unha dieta san e equilibrada, axeitada a cada idade.

Para acceder á EIM é requisito que os nenos/as teñan entre 3 meses e 3 anos de idade e que abonen as taxas que lles correspondan, tendo preferencias as e os domiciliados en Pontecesures.

As solicitudes de reserva de praza para nenas e nenos que xa acoden á EIM presentaranse directamente na Escola Infantil Municipal (Tel. 986557623).

Para máis Información e presentación de solicitudes de preinscrición para alumnos/as novos/as poden dirixirse ao Servizo Social Comunitario deste Concello os luns, martes e venres de 9 a 13:30 horas.

Pontecesures, 31 de marzo de 2014

O ALCALDE,

Manuel Luís Álvarez Angueira

